



Ada Loveface

# BIRAVXS

## *Ada Lovelace* (1815-1852)

Ada Augusta Byron ou Ada Lovelace foi a primeira programadora informática da historia da humanidade. Deixouse atrapar polas matemáticas, que a fascinaban, e foi unha adiantada ao seu tempo. Ada era a filla de Annabella Milbanke e do poeta inglés Lord Byron. Os seus pais separáronse cando ela tiña dous meses e Ada, que quedou coa súa nai, nunca chegou a coñecer o seu pai. Tivo a sorte de ter unha nai rica e pouco convencional, da que herdou a paixón polas matemáticas, e puido estudar na Universidade de Londres. O seu gran momento chegou cando escribiu un plan no que describiu os pasos para calcular os valores dos números de Bernoulli. O nacemento dos seus tres fillos afastárona durante uns anos da investigación, pero renovou a tarefa e inventou unha notación para describir algoritmos; creou así a primeira linguaxe de programación. Tivo que asinar os seus traballos coas súas iniciais A. A. L. para que non a censurasen por ser muller. En 1979, o Departamento de Defensa de EUA desenvolveu unha linguaxe de programación que chamou «ADA» na súa honra.

Unidade de Igualdade

Universidade de Vigo